

# CORCUBIÓN CONCILIA: TEMPO DE LECER

## BASES DA CONVOCATORIA 2024

(Decreto 139/2024 do 8/05)

(Decreto 156/2024 do 23/05)

**PRIMEIRO:** A actividade Tempo de Lecer 2024 levarase a cabo dende o 1 de xullo ao 30 de agosto de 2024, de luns a venres de 9:30 a 13:30, agás os festivos do 16 e 25 de xullo e o 15 de agosto.

**SEGUNDO:** Ábrese un período de preinscrición de solicitude de praza, dende o 13 ao 31 de maio, ámbolos dous inclusive para o que se deberá empregar a instancia tipificada habilitada para dito fin e presentala xunto coa documentación que nela se indica.

**TERCEIRO:** Poderán presentar solicitude de praza as familias das/os menores escolarizados entre primeiro curso de segundo ciclo de Educación Infantil ata as/os escolarizados en 6º de Educación Primaria (ambos incluídos).

**CUARTO:** O servizo organizarase por quendas de 15 días segundo se recolle na instancia de solicitude. Adxudicarase un mínimo de 1 quincena e un máximo de 4 a cada familia participante, en función do resultado da organización do Servizo para o que se terá en conta a demanda, o número de prazas e aplicación dos criterios e baremo que se establecen no punto sexto e sétimo da presente Resolución.

**QUINTO:** Reservarase un mínimo de 2 prazas por quincena para menores con necesidades especiais en función da demanda e das circunstancias individuais dos mesmos.

**SEXTO:** Os criterios de prioridade serán os establecidos nos Artigos 13 e 14 do Regulamento do Servizo Corcubión Concilia (BOP núm.: 134 do 20.08.2020)

**SÉTIMO:** Unha vez adxudicadas as prazas seguindo a orde establecida no apartado anterior, e só no caso de haber máis solicitudes que prazas, adxudicaranse as mesmas de maior a menor puntuación, segundo o seguinte baremo:

<b>CRITERIOS artigo 6.1 Resolución do 29.11.2023 da S.X.I.</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<i>FAMILIAS MONOMARENTAIS/MONOPARENTAIS</i>	2
<i>MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</i>	2
<i>UNIDADES FAMILIARES NAS QUE SE DAN SITUACIÓNS RELACIONADAS COS COIDADOS NO ENTORNO</i>	2
<i>MULLERES EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN</i>	2

<i>E/OU MAIORES DE 45 ANOS</i>	
<i>FAMILIAS CON RENDAS INFERIORES A 2,5 VECES O IPREM</i>	<i>2</i>
<b><i>OUTROS CRITERIOS</i></b>	<b><i>PUNTUACIÓN</i></b>
<i>FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE RISCO OU EXCLUSIÓN.</i>	<i>2</i>
<i>UNIDADES FAMILIARES NAS QUE AMBOS PROXENITORES/TITORES/ACOLLEDORES TRABALLEN OU SE ATOPEN EN FORMACIÓN PARA O EMPREGO</i>	<i>1</i>
<i>UNIDADES FAMILIARES NAS QUE O HORARIO LABORAL SEXA COINCIDENTE E SEN VACACIÓNS NAS QUENDAS SOLICITADAS</i>	<i>1</i>
<i>USO RESPONSABLE DO SERVIZO</i>	<i>1</i>
<b><i>TOTAL PUNTOS</i></b>	<b><i>15 PUNTOS</i></b>

- Entenderase por unidade familiar aquel composto polo menor para o que se solicita praza, polas persoas proxenitoras/ titoras ou acolledoras e polos seus irmáns e irmás.
- Aos efectos de renda familiar terase en conta os ingresos da unidade familiar, ou das persoas que teñen a custodia compartida se é o caso, así como os ingresos de medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente de ser o caso.
- A situación de desempregada de longa duración acreditarase con informe do SEPE.
- A situación relacionada cos coidados no entorno, acreditarase co informe dos SSCM.
- A situación de vulnerabilidade acreditarase con informe dos SSCM.
- A situación laboral acreditarase coa vida laboral e/ou certificado acreditativo emitido pola empresa.
- Entenderase por uso responsable do Servizo, o aproveitamento da praza concedida ou no caso de producirse ausencias, que estas estiveran debidamente xustificadas. Terase en conta para esta valoración, a participación no Tempo de Lecer 2023 e só se aplicará ante un empate entre persoas solicitantes participantes nese exercicio

**OITAVO:** As Normas de Funcionamento e Organización será as recollidas no Regulamento e nas presentes bases.